

## **CONDICIÓN Xerais DO SERVIZO FACTURA ELECTRÓNICA DE "R"**

1. As presentes condicións xerais regulan o uso do servizo "Factura Electrónica", facilitado por R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A. (en diante "**R**"), con domicilio social na rúa Real n.º 85, 15003, da Coruña, a aqueles clientes de **R**, que expresamente así o soliciten.
2. A facturación electrónica consiste nun procedemento en virtude do cal, a transmisión das facturas ou documentos análogos entre emisor e receptor se producen por medios electrónicos e telemáticos, asinados dixitalmente con certificados recoñecidos. Para os efectos das presentes condicións xerais, **R** será o "emisor" da factura electrónica e o "Cliente" será o "receptor" desta.
3. Ao facer clic nas presentes condicións o Cliente acepta expresamente a remisión das súas facturas en formato electrónico, substituíndose en todo caso a remisión destas en formato papel. Non obstante, o cliente poderá solicitar en calquera momento, durante a vixencia da relación contractual, que lle sexan enviadas novamente as facturas en soporte papel. As funcionalidades da factura electrónica, están absolutamente equiparadas coas da factura emitida en soporte papel.
4. Para darse de alta no servizo de factura electrónica é requisito imprescindible estar rexistrado como cliente na páxina de clientes de **R**, posto que o acceso á factura electrónica, se realizará usando o mesmo usuario e contrasinal. A alta no servizo de factura electrónica poderá realizarse ben a través da páxina web ben no número de atención ao cliente, número 1446 (atención ao cliente empresas) e 1449 (atención ao cliente particulares). A alta no servizo de factura electrónica realizarase por conta de facturación de xeito independente, polo que un cliente, con distintas contas de facturación, poderá elixir para cada unha delas, o modo en que desexa recibilas, xa sexa en formato electrónico, xa sexa en formato papel.
5. Unha vez que o Cliente estea dado de alta no sistema de factura electrónica, recibirá un correo electrónico na dirección facilitada no paso inmediatamente anterior, informándoo que xa está dispoñible no sitio web [clientes.mundo-r.com](http://clientes.mundo-r.com), a súa factura electrónica, a cal levará incorporada a firma electrónica de **R**. O devandito correo electrónico conterá, ademais da información relativa ao número de factura, importe desta e data en que será pasada ao cobramento, un link que remitirá directamente ao cliente á factura electrónica. O Cliente poderá visualizar as facturas electrónicas a través da internet en idéntico formato ao que terían as devanditas facturas de teren sido enviadas en soporte papel ao seu domicilio.
6. O Cliente asegura coñecer e estar de acordo cos formatos en que se remitirá a facturación electrónica, sendo estes PDF e/ou XML. Este último é o formato usado pola Axencia Tributaria, coñecido tamén como formato "Facturae" (anteriormente coñecida como formato AEAT-CCI). Por defecto, o

servizo de factura electrónica, remitirase en formato PDF, se ben os Clientes de Empresa poderán escoller que a factura electrónica, sexa emitida en formato XML.

7. Son obrigas de **R**, na súa calidade de emisor de factura electrónica:

7.1. Comprobar, antes da emisión de cada unha as facturas electrónicas, a validez do certificado co que emite a súa firma electrónica.

7.2. Conservar as facturas electrónicas emitidas de forma que se garanta a lexibilidade das facturas calquera que sexa o seu formato.

7.3. Permitir o acceso completo e sen demora ás facturas electrónicas, dispoñendo dun mecanismo que permita poder consultar as facturas en liña de modo que se visualicen, que se poidan buscar calquera dos datos dos libros de Rexistro de IVE, que se poidan realizar copias ou descargas en liña das facturas e se poidan imprimir en soporte papel, cando sexa necesario.

8. Son obrigas do Cliente, na súa calidade de receptor de factura electrónica:

8.1. Verificar os contidos mínimos esixibles na factura.8.2. Verificación da firma electrónica empregada polo emisor da factura ("**R**").

8.3. Conservar as facturas no mesmo formato e soporte orixinal no que estas foron remitidas (salvo que opte por algunha das formas de conversión autorizadas nos artigos 7 e 8 da Orde EHA/962/2007).

8.4. Conservar as facturas electrónicas asinadas, durante o período de prescrición destas.

8.5. Facilitar a **R** unha conta de correo electrónico válida para o envío das facturas electrónicas.

9. O uso de firma electrónica garante a autenticidade do emisor da factura, así como a integridade do contido da factura electrónica. En caso de modificación da factura incluída no ficheiro da facturación telemática, a firma é inválida.

10. O cliente garante a **R** a veracidade dos datos facilitados durante o proceso de alta no servizo de facturación electrónica. É responsabilidade exclusiva do cliente notificar a **R** calquera cambio na dirección de correo electrónico facilitada. En caso de que unha dirección de correo electrónico deixase de estar operativa, será responsabilidade única e exclusiva do cliente, o incumprimento das súas obrigas tributarias, ao poder deixar de recibir os avisos de que a correspondente factura electrónica está xa dispoñible.

11. Datos de carácter persoal:

11.1. **R**, en cumprimento da Lei Orgánica 13/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informa o cliente, que os datos facilitados durante o procedemento de alta no servizo de facturación electrónica, serán incluídos nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é **R** con domicilio na rúa Real n.º 85, 15003, A Coruña, creados coa finalidade de facilitar o mantemento, xestión, desenvolvemento, cumprimento e control do

presente servizo, así como de calquera outro asociado necesariamente á prestación dos servizos de telecomunicacións de **R**. O cliente tamén é informado neste acto do carácter facultativo de facilitar os datos persoais de carácter opcional que puidesen ser solicitados durante o proceso de alta nos servizos de facturación electrónica e de que a negativa a facilitar os datos necesarios para os efectos de facturación e cobramento poderá implicar a imposibilidade de perfeccionar o presente contrato e/ou servizo.

11.2. Salvo manifestación expresa en contrario, marcando a casa habilitada para o efecto, o Cliente autoriza a **R** a tratar os seus datos de carácter persoal con fins de desenvolvemento de accións comerciais e de promoción comercial e publicitaria dos seus produtos e servizos, sexan de carácter xeral ou adaptadas ás súas características persoais. O cliente poderá revogar o devandito consentimento, en calquera momento mediante escrito dirixido a **R** na forma sinalada no punto 11.4.

11.3. O cliente poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos seus datos mediante solicitude escrita dirixida a **R**, sinalando que dereito desexa exercer, domicilio para os efectos das notificacións, data e firma do solicitante. No caso de que se exercite o dereito de rectificación, ademais de remitir a solicitude, de acordo co antes exposto, o solicitante deberá acompañala da documentación acreditativa da rectificación solicitada, salvo que esta dependa exclusivamente do consentimento do interesado.

Así mesmo o Cliente poderá opoñerse ao tratamento dos seus datos en calquera momento, ben mediante escrito dirixido a **R** na forma sinalada no punto 11.4, ou ben na forma que utilizou para prestar o seu consentimento ao tratamento destes, o que suporía a baixa do servizo no caso de que os datos sexan necesarios para a prestación deste.

11.4. Todas as comunicacións que se deban dirixir a **R**, de conformidade co disposto nos apartados anteriores, realizaranse explicando claramente a solicitude que se realiza, indicando o nome e apelidos do cliente, acompañando fotocopia do seu DNI. Este escrito enviarase ao apartado de correos 2096, 15080, da Coruña, ou ben ao fax gratuíto 900.825.582 ou mediante correo electrónico a [fala-con-R@mundo-R.net](mailto:fala-con-R@mundo-R.net). para a comunicación en galego, ou a [R-al-habla@mundo-R.net](mailto:R-al-habla@mundo-R.net) para a comunicación en castelán. En caso de actuar mediante representante, ademais dos datos anteriores, deberán enviarse os do representante e o documento acreditativo de tal representación. Sen prexuízo do anterior, **R** atenderá as solicitudes de acceso, rectificación, cancelación e oposición realizadas a través de calquera medio que permita acreditar o envío ou recepción da solicitude e que esta conteña os elementos referidos no artigo 25.1 do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro.

**12. NORMATIVA APLICABLE:** As presentes cláusulas foron redactadas de conformidade co disposto no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación e se modifica o Regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido; Orde EHA/962/2007, do 10 de abril, pola que se desenvolven determinadas

disposicións sobre facturación telemática e conservación electrónica de facturas, contidas no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación; Resolución 2/2003, do 14 de febreiro do Director Xeral da Axencia Tributaria sobre determinados aspectos relacionados coa facturación electrónica.